

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 15 DE FEBREIRO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a quince de febreiro de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as nove horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 9 de febreiro de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### 2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— O Rodo Sociedade Cooperativa Galega

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 16 de agosto de 2023 (RE-E núm. 469), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	O RODO, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	RODEIRO
REPRESENTANTE	EFIGALIA ENERGY S.L.
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA
LUGAR	RODEIRO
PARROQUIA	RODEIRO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL
REFª CATASTRAL PARCELA	36047A085004870000PE
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico industrial Don Diego Mazaira Rodríguez, en data 16/08/23)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	14.300,00 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) DÍA
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 14/02/24)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de DOUSCENTOS OITENTA E SEIS EUROS (286,00 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

### **3.- APROBACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA**

Consta nas dependencias municipais o seguinte proxecto técnico redactado por orde da Alcaldía:

Proxecto técnico modificado da obra de “REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA ENVOLVENTE TÉRMICA DA CASA DO CONCELLO DE RODEIRO”, redactado polo arquitecto técnico Don José Abel Mato Méijome, con data febreiro de 2024, cun importe de execución por contrata de CENTO CORENTA E NOVE MIL NOVECENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (149.997,82 €), IVE incluído.

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias con data 09/02/24, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de

Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado, condicionado á obtención das autorizacións sectoriais pertinentes segundo o informado polo técnico municipal.

#### ***4.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA EN EDIFICIOS E INFRAESTRUTURAS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS***

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Orde do 16 de xaneiro de 2024 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, de carácter plurianual e en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de obras de eficiencia enerxética en edificios e infraestruturas vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia, susceptibles de ser cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 (DOG núm. 13, do 18/01/24). O Sr. alcalde informa que considera conveniente optar a dita subvención para a realización de traballos de mellora da envolvente térmica da Casa do Concello mediante o illamento en cubertas e fachadas e cambios nas carpinterías exteriores e vidros por outras con boas características térmicas. Preténdese dar solución a problemas de filtración, danos nos muros, ao mal estado de cubertas e á perda de enerxía a través das fachadas, carpinterías e forxados.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes unha subvención por importe de CENTO DEZANOVE MIL NOVECENTOS NOVENTA E OITO EUROS CON VINTE E CINCO CÉNTIMOS (119.998,25 €) para o investimento denominado “*Rehabilitación enerxética da envolvente térmica da Casa do Concello de Rodeiro*”, cun orzamento total de CENTO CORENTA E NOVE MIL

NOVECIENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (149.997,82 €), de conformidade co proxecto técnico do mesmo nome, aprobado na presente sesión e redactado polo arquitecto técnico Don José Abel Mato Méijome.

Segundo.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

### ***5.- INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “MELLORA DE CAMIÑO RURAL EN VISTUÍDE (SAN CRISTOVO DO AZ) – FASE II”***

O Sr. alcalde informa que por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 3 de abril de 2023, foi aprobado o proxecto técnico da obra de “MELLORA DE CAMIÑO RURAL EN VISTUÍDE (O AZ)”, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Ana María García Mayo, con data marzo de 2023, cun importe de execución por contrata de CIENTO UN MIL SETENTA E SEIS EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS (101.076,14 €), IVE incluído.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), por resolución de data 26/07/23, concedeu ao Concello unha subvención para dita obra por importe de 83.534,00 € en dúas anualidades (28.997,00 € no 2023 e 54.537,00 € no 2024), ao abeiro da Resolución do 28 de febreiro de 2023 para a concesión das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños rurais 2023-2024, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia, en réxime de concorrencia non competitiva (DOG núm. 44, do 03/03/23) – expediente núm. [REDACTED]. A fase I, correspondente á anualidade de 2023, xa foi licitada, executada e xustificada, polo que cómpre proceder á licitación da obra correspondente á fase II.

Xa que logo, dispoñendo xa do financiamento e dos permisos e autorizacións sectoriais preceptivas para a realización da obra, cómpre

proceder ao inicio do correspondente expediente de contratación, segundo a normativa establecida na lexislación de contratos das Administracións Públicas.

A motivación do presente contrato vén fundamentada na obriga que ten o Concello da prestación dos servizos de “*acceso aos núcleos de poboación*” e “*pavimentación das vías públicas*”, segundo o establecido no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), e da necesidade de cumprir o obxecto da subvención concedida para tal fin pola AGADER.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, de conformidade co establecido no artigo 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Iniciar o correspondente expediente de contratación da obra de “*MELLORA DE CAMIÑO RURAL EN VISTUÍDE (O AZ) – FASE II*”, de conformidade co proxecto técnico aprobado, para a súa posterior aprobación por este órgano, incorporando ao mesmo os documentos legalmente esixibles.

Segundo.- Determinar o procedemento de adxudicación como aberto simplificado sumario, de conformidade co previsto no artigo 159.6 da LCSP, con varios criterios de adxudicación.

***6.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 1 DA OBRA DE “ACONDICIONAMENTO E REPARACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN LOUREIRO (SANTA BAIÁ DE CAMBA)”, INCLUÍDA NA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACÍONS***

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 1 correspondente á obra de “*Acondicionamento e reparación de camiño municipal en Loureiro (Santa Baía de Camba)*”, incluída na convocatoria de subvencións para a reparación de danos causados polas inundacións, por importe de CORENTA E SETE MIL OITOCENTOS CORENTA EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (47.840,90 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora de obra Dona Leticia Diéguez Alonso.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., por un importe de 47.840,90 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. OB2024-25 (FACe), de data 14/02/24, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

## ***7.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN FINAL E LIQUIDACIÓN DA OBRA DE “ACONDICIONAMENTO E REPARACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN LOUREIRO (SANTA BAIA DE CAMBA)”, INCLUÍDA NA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS***

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación final e liquidación correspondente á obra de “*Acondicionamento e reparación de camiño municipal en Loureiro (Santa Baia de Camba)*”, incluída na convocatoria de subvencións para a reparación de danos causados polas inundacións, por importe de CATRO MIL TRESCENTOS CORENTA EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (4.340,39 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora de obra Dona Leticia Diéguez Alonso.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., por un importe de 4.340,39 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. OB2024-26 (FACe), de data 14/02/24, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

Cuarto.- Vista a Acta de recepción da devandita obra, asinada o día 14 de febreiro de 2024, na que se fai constar que “as obras atópanse executadas,

agás vicios ocultos, segundo as prescricións previstas, sendo executadas baixo o seguimento da facultativa encargada da súa dirección, cos axustes recollidos no informe final de obra”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación e, xa que logo, recibir a devandita obra, contando a partir desta data o prazo de garantía da obra fixado nun ano no prego de condicións, de conformidade co disposto no artigo 243 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Quinto.- Aprobar o informe de execución da obra estendido pola dirección facultativa en data 12/02/24.

## **8.- DESISTENCIA TOTAL E SOLICITUDE DE CAMBIO DE DESTINO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO ABEIRO DA LIÑA 1 DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2023**

### ANTECEDENTES

1º.- Por Resolución da Alcaldía, de data 31/01/23, solicitouse á Deputación Provincial as seguintes subvencións con cargo á Liña 1 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2023, por importe global de CATROCENTOS VINTE E SEIS MIL DOUSCENTOS CORENTA E NOVE EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (426.249,73 €), con destino á realización e financiamento dos seguintes investimentos:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGAS OUTRAS ADMINISTRACIÓNS
Acondicionamento e mellora de lavadoiros (Laxas, Sta. Mariña, Az)	48.339,54 €	48.339,54 €	0,00 €	0,00 €
Construción dun edificio polivalente de uso asistencial – Fase IV	200.000,00 €	200.000,00 €	0,00 €	0,00 €
Mellora de vías municipais en Rubiás e Guillar	177.910,19 €	177.910,19 €	0,00 €	0,00 €

2º.- A Deputación Provincial concedeu ao Concello as seguintes subvencións:

DENOMINACIÓN	ÓRGANO	DATA	IMPORTE	EXPEDIENTE
Acondicionamento e mellora de lavadoiros (Laxas, Sta. Mariña, Az)	PRESIDENCIA	31/03/2023	48.339,54 €	████████
Construción dun edificio polivalente de uso asistencial – Fase IV	XUNTA DE GOBERNO	17/03/2023	200.000,00 €	████████
Mellora de vías municipais en Rubiás e Guillar	XUNTA DE GOBERNO	17/03/2023	177.910,19 €	████████

3º.- O Concello non ten a esta data comprometido gasto algún en relación aos investimentos inicialmente subvencionados.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A base décimo sétima das Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 (BOP núm. 230, do 27/11/21) permite, antes de que conclúa o prazo para a realización dos investimentos obxecto de subvención e sempre e cando non se prexudiquen intereses de terceiras persoas, solicitar o cambio de destino das subvencións por desistencia total da finalidade subvencionada.

Segundo.- O Concello fundamenta a solicitude de cambio de destino polo motivo de *“ter prioridade o financiamento doutro gasto urxente e non contar con crédito suficiente para levalo a cabo”*. A xustificación vén motivada pola necesidade de acometer investimentos na pavimentación dos lugares do municipio e na extensa rede viaria municipal. O estado de ditas vías públicas atópase en condicións moi deficientes motivadas pola falta de conservación e mantemento periódico, agravada polos efectos das adversas condicións meteorolóxicas padecidas nos pasados meses de outono e do presente inverno. Rodeiro dispón dunha extensísima rede viaria municipal que vertebra aos diferentes lugares e parroquias do Concello, permitindo a circulación viaria e ao acceso aos 149 núcleos de poboación do municipio. Asemade dá servizo ás numerosas explotacións gandeiras que dan sustento principal a moitas familias, sendo os sector primario a principal fonte de ingresos do municipio. O deficiente estado de ditas vías de titularidade municipal prexudica moi notablemente ditas actividades económicas así como as comunicacións por estrada, o que repercute negativamente no benestar dos/as nosos/as veciños/as.

Terceiro.- O Concello dispón dun orzamento moi limitado en relación ás necesidades a satisfacer, o que provoca a carencia de crédito suficiente para poder levar a cabo os investimentos necesarios, polo que resulta imprescindible acadar o apoio doutras administracións públicas na satisfacción dos intereses públicos afectados.

Cuarto.- É preciso asemade subliñar que o “*acceso aos núcleos de poboación*” e a “*pavimentación das vías públicas*” forman parte dos servizos mínimos de prestación obrigatoria para os municipios, de conformidade co establecido no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. O cumprimento de dita previsión legal é o que o Concello pretende satisfacer coa desistencia total de investimentos en obras e servizos de prestación voluntaria, así como na priorización, dentro das inversións en vías municipais, naquelas cun maior deterioro e necesidade de acondicionamento respecto doutras cun estado de conservación que non require acometer actuacións de carácter urxente.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

### ACORDO

Primeiro.- A desistencia total das finalidades subvencionadas con cargo á Liña 1 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos), anualidade de 2023, que se sinalan no antecedente segundo do presente acordo.

Segundo.- Solicitar á Deputación Provincial o cambio de destino da cantidade concedida con cargo á Liña 1 do citado Plan, para o financiamento dos seguintes investimentos:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGAS OUTRAS ADMINISTRACIÓNS
Mellora e pavimentación de camiños e accesos a núcleos rurais nas parroquias do Salto, Rodeiro, Guillar e Álceme	377.910,19 €	377.910,19 €	0,00 €	0,00 €
Mellora de camiño no lugar de Vilela	48.339,54 €	48.339,54 €	0,00 €	0,00 €

Terceiro.- Realizar as finalidades obxecto das subvencións solicitadas, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Cuarto.- Comprometerse a comunicarlle á Deputación calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento das subvencións.

Quinto.- Solicitar, de conformidade co previsto na Base 8.1.1 e no referente ao investimento denominado *“Mellora e pavimentación de camiños e accesos a núcleos rurais nas parroquias do Salto, Rodeiro, Guillar e Álceme”*, a inclusión, dentro dos gastos de inversión solicitados, dos custes de redacción do proxecto, dirección de obra e coordinación en materia de seguridade e saúde, que precisan dunha contratación externa por insuficiencia de medios do Concello

Sexto.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de CERO EUROS (0,00 €). O órgano que adopta este acordo é competente para comprometer esta achega.

Sétimo.- Facultar expresamente a Sr. alcalde para que, na representación legal do Concello que ostenta, asine as correspondentes solicitudes e canta documentación resulte necesaria para a efectividade do acordado.

## ***9.- CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA EN SITUACIÓN DE BAIXA POR IT***

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona María Carmen Diéguez Calvo, traballadora laboral do Concello no posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, causo baixa laboral por incapacidade laboral (IT), derivada de enfermidade común, o día 11 de decembro de 2023. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos/ás usuarios/as beneficiarios/as da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que as contratacións propostas non contradín a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o

ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2024, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Xuventude, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debera ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta da traballadora social municipal Dona Natalia Salgado Rodríguez, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por substitución, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ SANDRA LIMA SILVA, con NIE núm. ██████████, a tempo completo (37,5 horas/semana), durante o tempo que dure a situación de baixa laboral por IT da traballadora María Carmen Diéguez Calvo.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

## ***10.- ALTAS DE USUARIOS/AS NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR BENEFICIARIOS/AS DA LEI 39/2006, DO 14 DE DECEMBRO, DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA***

A existencia de dispoñibilidade horaria no servizo municipal de axuda no fogar permite acordar unha nova alta de usuaria de dito servizo segundo a prioridade establecida no Programa de Asignación de Recursos (PAR) xestionado pola Consellería de Política Social, e que se adapte ao número de horas dispoñibles no PIA a prestar, cumprindo ditas circunstancias nesta data Dona Hortensia Novoa Granja, Dona Inés López García e Don José Sergio Albor Saa.

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe emitido pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez, en data 14/02/24, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda dar de alta no servizo de axuda no fogar da Lei de Dependencia aos seguintes usuarios/as:

1)

NOME E APELIDOS: Hortensia Novoa Granja

DNI: ██████████

DOMICILIO: Lugar de Vistuíde, parroquia de San Cristovo do Az

VALORACIÓN: ██████████

NATUREZA DO SERVIZO: Axuda no Fogar, modalidade recurso idóneo

PARTICIPACIÓN NO CUSTE DO SERVIZO: 2,38 €/hora

2)

NOME E APELIDOS: Inés López García

DNI: ██████████

DOMICILIO: Lugar de Vilachá, parroquia de Fafián

VALORACIÓN: ██████████

NATUREZA DO SERVIZO: Axuda no Fogar, modalidade recurso idóneo

PARTICIPACIÓN NO CUSTE DO SERVIZO: 2,47 €/hora

3)

NOME E APELIDOS: José Sergio Albor Saa

DNI: ██████████

DOMICILIO: Lugar de Vilameá, parroquia de Negrelos

VALORACIÓN: ██████████

NATUREZA DO SERVIZO: Axuda no Fogar, modalidade recurso idóneo

PARTICIPACIÓN NO CUSTE DO SERVIZO: 2,54 €/hora

### ***11.- AUTORIZACIÓN PARA AUMENTO DE XORNADA ADXUDICADA NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI), CURSO 2023-2024***

VISTA a instancia presentada por Dona Nathalie Carolina Pose Varela, con DNI núm. ██████████ e con domicilio no lugar de Arcas, parroquia de Guillar (RE núm. 161, do 09/02/24), pola que solicita o aumento da xornada que ten asignada a súa filla Chloé Alarcón Pose como usuaria do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2023-2024, pasando da quenda de tarde inicialmente concedida á de xornada completa de mañá e tarde.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a solicitude cumpre cos requisitos esixidos así como a existencia de prazas vacantes a esta data na quenda solicitada, de conformidade co informe favorable emitido pola mestra-directora do PAI Dona Raquel Blanco Valladares en data 14/02/24, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda autorizar o aumento de xornada solicitado, con efectos do día 1 de marzo de 2024.

### ***12.- DACIÓN DE CONTA DOS PREMIOS OUTORGADOS NO CONCURSO DE CARROZAS, COMPARSAS E DISFRACES DO ENTROIDO 2024***

De conformidade co establecido por este órgano, en acordo adoptado na sesión celebrada o pasado día 5 de febreiro do corrente, infórmase aos/ás Sres./as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local que o xurado popular, integrado por Dona María del Sol Fernández López, Dona Rosa María Fernández Fernández e Don Óliver Crespo Poutón, reunido o pasado día 11 de febreiro de 2024, acordou conceder os seguintes premios:

### CATEGORÍA DE CARROZAS OU COMPARSAS

PREMIO	DENOMINACIÓN	TITULAR/REPRESENTANTE	IMPORTE
Primeiro	AS RULIÑAS	Alberto Blanco Valladares	500,00 €
Segundo	O FALAR DA PIRÁMIDE	Jesús Baldonado Soto	400,00 €
Terceiro	A PERLA NEGRA DE ANTAS	Jone Sánchez Cordeiro	300,00 €
Cuarto	OS CAMBOTES ESTRELLADOS	Alejandro Sánchez Sobrado	200,00 €

### CATEGORÍA DE GRUPOS ADULTOS

PREMIO	DENOMINACIÓN	TITULAR/REPRESENTANTE	IMPORTE
Primeiro	MILLO REAL	Ainhoa García Janeiro	200,00 €
Segundo	NON HAI PUNTADA SEN FÍO	Lorena Diéguez Fiunte	150,00 €
Terceiro	PRINCESA PEACH, MARIO BROS E LUIGI	Carlos Daniel da Luz Paiva	100,00 €

### CATEGORÍA DE GRUPOS INFANTÍS

PREMIO	DENOMINACIÓN	TITULAR/REPRESENTANTE	IMPORTE
Primeiro	AS FREGONAS	María López Corral	200,00 €
Segundo	OS LACASITOS DE RODEIRO	Paula Diéguez Salgado	150,00 €
Terceiro	OS INCREÍBLES	María del Mar Cambeiro Areán	100,00 €

### CATEGORÍA DE INDIVIDUAIS/PARELLA ADULTOS

PREMIO	DENOMINACIÓN	TITULAR/REPRESENTANTE	IMPORTE
Primeiro	O GRANXEIRO E A SÚA GALIÑA MIMOSA	Iván Varela Durán	100,00 €
Segundo	VIRTUDES	Virtudes Diéguez Hermida	75,00 €
Terceiro	CLOTILDE E GERVASIO	María del Mar Cambeiro Areán	50,00 €

### CATEGORÍA DE INDIVIDUAIS/PARELLA INFANTÍS

PREMIO	DENOMINACIÓN	TITULAR/REPRESENTANTE	IMPORTE
Primeiro	RAFAELA	María Carmen Mejuto González	100,00 €
Segundo	MARIQUITA	José Luís Aldir Alvaríño	75,00 €
Terceiro	Deserto		

### **13.- APROBACIÓN DA CONTA DE GASTOS A XUSTIFICAR DO ENTROIDO 2024**

Por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes apróbase a conta de gastos a xustificar presentada pola concelleira-delegada de Cultura Dona Xulia Dacal Juiz, correspondentes ao Entroido 2024, celebrado o pasado día 11 de febreiro do corrente, co resume de gastos que deseguido se sinala:

Cantidade disposta a xustificar	3.200,00 €
Premios en metálico entregados	2.700,00 €
Cantidade xustificada	2.700,00 €
Sobrante (ingresado en data 12/02/24)	500,00 €

### **14.- RECOÑECEMENTO DE HORAS EXTRAORDINARIAS A PERSOAL LABORAL INDEFINIDO DO CONCELLO**

Con datas 27 de decembro de 2023 e 17 de xaneiro do corrente (RE núm. 2064 e 57) Don José Albor González, traballador laboral indefinido do Concello coa categoría de peón de servizos diversos, presenta minuta asinada para o recoñecemento de oitenta (80) horas extraordinarias realizadas fóra da súa xornada laboral durante o ano 2023. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, coa conformidade do Sr. alcalde, e en aplicación da Base 23ª do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio de 2024, acorda dar a súa aprobación á minuta presentada e recoñecerlle o abono de oitenta (80) horas extraordinarias a percibir coa nómina do mes de febreiro de 2024.

### **15.- FACTURAS E PAGOS**

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- LA VOZ DE GALICIA S.A. 242,00 €

Por publicidade institucional do Concello nas festas de San Vicente de Rodeiro, s/factura núm. P24/000188 (FACe).

- OCCIDENT GCO S.A. 245,51 €  
Por seguro anual de vehículo municipal, s/factura núm. APSPLUS202400000546 (FACe).
- XUNTA DE GALICIA 36,72 €  
Por autoliquidación de taxa de Augas de Galicia en concepto de autorización no dominio público hidráulico, s/cargo.
- DEPUTACIÓN PROVINCIAL 160,00 €  
Por autoliquidación de taxa en concepto de permiso de obras en estradas provinciais, s/cargo.
- FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS 130,45 €  
Por cota anual de pertenza á Federación, s/factura núm. RC/24-5563(FACe).
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 62,71 €  
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de xaneiro de 2024, s/factura núm. 24ZNX0013988 (FACe).
- RODOIL S.L 89,58 €  
Por subministro de combustible ao vehículo da AVPC no mes de xaneiro de 2024, s/factura núm. 2024/24/000004 (FACe).
- MAPFRE ESPAÑA S.A. 520,16 €  
Por seguro anual do vehículo da AVPC, s/factura núm. 75202419900020002009 (FACe).
- FERRODEIRO S.L. 349,99 €  
Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/factura núm. 000307.

- RODOIL S.L. 162,46 €, 49,61 €, 441,77 €, 71,14 € E 169,07 €  
Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras no mes de xaneiro de 2024, s/facturas núm. 2024/24/000005, 2024/24/000008, 2024/24/000009, 2024/24/000010 e 2024/24/000011 (FACe).
  
- RODOIL S.L. 3,00 €, 34,86 € E 5,00 €  
Por lavados do camión de recollida do lixo e subministro de combustible á máquina varredora no mes de xaneiro de 2024, s/facturas núm. 2024/24/000003, 2024/24/000006 e 2024/24/000007 (FACe).
  
- O RODO, S. COOP. GALEGA 8,40 €  
Por subministro de combustible para grupo electrógeno na cabalgata dos Reis Magos, s/factura núm. F1 – 13755.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as dez horas quince minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)